



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Aprobación do padrón da taxa polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de novembro de 2022

Por Resolución da Alcaldía nº 2/2023 de data 9 de xaneiro de 2023, aprobouse o padrón de suxeitos pasivos da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de novembro de 2022.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, aplicable á facenda das entidades locais en aplicación do disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, queda exposto ao público durante o prazo de 15 días hábiles dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP para o seu exame e reclamación por parte das persoas interesadas.

A cobranza das taxas aprobadas verificarase na forma e prazos previstos no artigo 10.3 da respectiva Ordenanza Reguladora da taxa.

Contra a presente notificación poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante o órgano que ditou o acto. Transcorrido o prazo máximo dun mes dende a interposición do recurso sen que recaese unha resolución expresa, o recurso considerarase desestimado quedando aberta a vía para a interposición do recurso contencioso-administrativo ante o xulgado contencioso administrativo correspondente.

Arzúa, a 16 de xaneiro de 2023

Alcalde-presidente do Concello de Arzúa

José Luis García López

2023/209